ACTA DE VALIDACION DE DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA PARA A CONTRATACION POR PROCEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO SERVIZO DE SOCORRISMO NAS PISCINAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE OURENSE.

Presidente:

Alfonso Vilachá Rodríguez

Vogais

Secuendino Alonso Basalo

Gonzálo Alonso Alvarez

Hugo Blanco Pita

María Graciela Riveiro Moreira

Secretario

Cándido Gómez Vázquez.

En Ourense as 9:00 horas do día 18 de maio de 2015, reúnese a mesa de contratación para examinar a documentación administrativa requirida aos licitadores que faltaba ou estaba incompleta na apertura do sobre número 1, tal como dispón o prego de cláusulas administrativas, en relación co PROCEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO SERVIZO DE SOCORRISMO NAS PISCINAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE OURENSE, coa asistencia dos señores citados anteriormente.

O Presidente recorda aos presentes os requirimentos efectuados por falla ou defectos a subsanar na documentación presentada:

1/ CEGASPE S.L.:

Presentación do contratista (punto 13.1 do prego)

Non presenta compulsa das Escrituras de constitución da empresa e fotocopia do dni do representante (13.1.1)

Capacidade para licitar do representante debidamente bastanteado (actualizado). (13.1.2)

Acreditación da solvencia Técnica e económica tal como se recolle no punto 4.2 no prego de condicións administrativas. (13.1.4)

Testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme ao artigo 60 TRLCSP. (13.1.5)

SAUDETER S.L.U.:

Non presenta Escrituras de constitución da empresa debidamente compulsadas.(13.1.1)

Compulsa do documento de capacidade para licitar do representante . (13.1.2)

Compulsa dos certificados que acreditan a solvencia técnica. (13.1.4)

Testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme ao artigo 60 TRLCSP. (13.1.5).

FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA:

Presentación do contratista (punto 13.1 do prego)

Non presenta compulsa dos estatudos da entidade e fotocopia do dni do representante (13.1.1)

Capacidade para licitar do representante debidamente bastanteado. (13.1.2)

Acreditación da solvencia Técnica e económica tal como se recolle no punto 4.2 no prego de condicións administrativas. (13.1.4)

Testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme ao artigo 60 TRLCSP. (13.1.5).

O Secretario aporta a documentación aportada polos empresas e advirte de que a Federación Galega de salvamento e socorrismo de Galicia non presentou en tempo e forma a documentación requeirida.

A mesa, unha vez analizada a documentación acorda o seguinte:

Primeiro: Admitir como válida a documentación administrativa presentada polas empresas Eulen S.L., Cegaspe S.L. e Saudeter SLU.

Segundo: Excluir do procedemento a Federación Galega de salvamento e socorrismo de Galicia por non aportar a totalidade da documentación requirida no prego de cláusulas administrativas aproba ao efecto.

Por último a Presidencia declara finalizado o acto, sendo as nove horas e quince minutos do día indicado, levantándose esta acta que se asina no lugar e data ó comezo indicados.

Presidente — Secretario

Asdo.- Alfonso Vilachá Rodríguez — Asdo.- Cándido Gómez Vázquez.

Vogais

Interventor — Representante do Consello Reitor

Asdo.- Gonzalo Alonso Alvarez

Xerente

Asdo.- Secundino Alonso Basalo

Secretaria do CMD

Asdo.- Hugo Blanco Pita

Asdo.- María Graciela Riveiro Moreira